



# Concello de **OURENSE**

*Expte. Cividas: 2018003078*

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 31 de xaneiro de 2018**

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 30 de xaneiro, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da **"Incorporación de Remanentes"**, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e tendo en conta o informe favorable da Intervención Municipal, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 1-R/2018, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2017, financiados con ingresos afectados, por un importe total de cento sete mil seiscientos noventa e seis euros con oitenta e un céntimos (107.696,81.-€), de acordo co seguinte detalle:**

### **A) Remanente que se incorpora**

Aplicación orzament. 2017							
Aplicación orzament. 2018					Remanente a incorporar	Fonte de Financiamento	Código Proxecto
R	ORG	FUN	ECON	DESCRIPCIÓN			
N	230	2412	13100	Persoal lab. prog. fomento	75.457,42	RTA(45071)	17-2-23-02
N	230	2412	13100	emprego e inserción laboral			
N	230	2410	16000	Cota patronal S. Soc. fomento	32.239,39	RTA(45071)	17-2-23-02
N	230	2410	16000	do emprego			

### **B) Recursos que financian a incorporación**

#### **Resumen fontes financiamento**

<b>Concepto de ingresos</b>	<b>Importe</b>
Rmte. de Tesourería para gastos con financiamento afectado 87010	107.696,81
<b>Total recursos financeiros dispoñibles</b>	<b>107.696,81</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

Mandouno e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.